

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [1-3] AGADIC
- [4] Centro Coreográfico Galego
- [5] Centro Dramático Galego
- [5] NOVIDADES EDITORIAIS
- [6-7] AXENDA
- [8-9] ALERTA!
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ABRE TEMPORADA COA PRODUCCIÓN DE 'A BOA PERSOA DE SEZUÁN' E UNHA AMPLA CARTELEIRA NO SALÓN TEATRO

O PORTUGUÉS NUNO CARDOSO DIRIXE O ESPECTÁCULO QUE SE ESTREA O 24 DE OUTUBRO EN COMPOSTELA

O SALÓN TEATRO ACOLLE DE SETEMBRO A DECEMBRO UNHA VARIADA PROGRAMACIÓN ESCÉNICA CON ESPECIAL PROTAGONISMO DO TEATRO GALEGO

Dúas producións propias coa súa conseguinte distribución, outros tres espectáculos en réxime de coprodución con grupos privados, o mantemento da programación do Salón Teatro e a continuidade do Centro de Creación Dramática Contemporánea son os eixos fundamentais que centrarán a actividade do Centro Dramático Galego (CDG) para a nova temporada, a que vai de setembro de 2008 até xullo de 2009 e na que se cumprirá o 25 aniversario do nacemento da única compañía institucional de teatro de Galicia.

[continúa na pantalla seguinte]



[vén da pantalla anterior]

Ao longo dos vindeiros meses, a entidade que dirixe Cristina Domínguez desenvolverá unha ampla actividade a prol da difusión da escena galega. Así, o primeiro dos espectáculos de produción propia que verá a luz será *A boa persoa de Sezuán*, de Bertolt Brecht baixo a dirección de Nuno Cardoso. Xa en marzo levará a escena a segunda das propostas do CDG, neste caso o texto que xorda do próximo programa de dramaturxia residente.

A boa persoa de Sezuán estréase o día 24 de outubro no Salón Teatro, onde ofrecerá dúas funcións máis os días 25 e 26 antes de iniciar a xira por distintos escenarios galegos. Regresará ao espazo compostelán o 26 de novembro onde permanecerá ata o 14 de decembro.

Nuno Cardoso, un dos responsables do bo momento que atravesa a creación dramática contemporánea en Portugal, conta para este proxecto cun elenco no que participan doce actores e actrices galegos: Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Fran Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres.

FÁBULA AMARGA

Un expatriado Bertolt Brecht escribiu en California esta fábula amarga onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto dela. A obra comeza coa baixada á Terra de tres deuses coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, isto é, que sexan persoas boas e xustas. A pri-

meira que descubren é a única que os acolle en Sezuán, Shan-Che, unha prostituta á que premian dándolle outro medio de vida: unha tenda de tabaco. Pero os habitantes da aldea non tardarán en aproveitarse descaradamente das boas intencións da moza, polo que esta, cansada deles, decide disfrazarse dun personaxe masculino chamado Shui-Ta que, con enorme frialdade, expulsa a todos os que queren vivir a conta do seu sacrificio.

A ESCENA GALEGA NO SALÓN TEATRO

O Salón Teatro de Santiago inaugurará en setembro a carteleira da nova temporada escénica 2008-2009, que ata finais de ano ofrecerá un total de 42 funcións de teatro e danza, cunha destacada presenza do teatro feito en Galicia. Así, a carteleira presenta os últimos espectáculos das compañías galegas Matarile Teatro, Teatro Cachuzo, Lagarta Lagarta, Teatro do Atlántico, Galitooon, Pistacatro e Sarabela Teatro, que compartirán cartel con Kónic Thtr (Cataluña), Atra Bilis (Madrid), Teatro do Frío (Porto) e Teatro Gorakada (Euscadi) e coa devandita nova produción do CDG, *A boa persoa de Sezuán*.

Será a primeira fase dun amplo percorrido que inaugura Matarile Teatro –con catro funcións de “Animales artificiales” os días 25, 26, 27 e 28 de setembro– e que chegará até finais de decembro coa xa tradicional Mostra de Teatro Infantil no Nadal, dentro da que se exhibirán, do 26 ao 30 dese mes, cinco espectáculos: *Babiliglub*, de Galitooon (día 26); *Diz*



Tradición, de Nova Galega de Danza

que diz, do grupo portugués Teatro do Frío (día 27); *Ringorrango*, de Pistacatro (día 28); *La ciudad inventada*, da compañía vasca Gorakada (día 29); e *Cristovo e o libro das marabillas*, de Sarabela Teatro (día 30) son as propostas que se inclúen nesta xa consolidada cita co teatro para nenos e nenas.

ACTIVIDADE DESCENTRALIZADA


O Centro Dramático Galego realizará de xaneiro a xuño o segundo ciclo de programación no Salón Teatro. Así en xaneiro haberá unha nova reposición da exitosa “Noite de Reis” e para febreiro estase a ultimar o contido dun ciclo de novo circo, que traerá a Compostela distintas compañías de ámbito internacional. Ao tempo, a compañía pública seguerá a defender a máxima distribución xeográfica dos seus espectáculos, para o que man-

terá a rede “Espazos CDG”, que abranque os principais escenarios das catro provincias galegas; e propiciará en paralelo a presenza das súas producións e coproducións en mostras e festivais de fóra de Galicia.

Ademais, o Centro de Creación Dramática Contemporánea acollerá novos alumnos nos seus cursos titorizados de aprendizaxe dramatúrxica. Así mesmo, haberá unha nova convocatoria para espectáculos propostos polas compañías privadas que opten á súa montaxe réxime de coprodución co CDG e se porán en escena os tres últimos aprobados para este fin.

A presentación oficial da temporada terá lugar nun acto especial que se celebrará no Salón Teatro de Santiago de Compostela o próximo 19 de setembro ás 12.00 horas e ao que está convidado o sector profesional e toda a cidadanía.

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

NOVA IDENTIDADE CORPORATIVA PARA A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) dispón dunha nova imaxe visual corporativa, que se comezou xa a implantar en todos os seus actos de comunicación para identificar a actividade desta nova entidade destinada a ser o instrumento administrativo especializado da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das políticas de fomento da produción e do tecido empresarial cultural, tanto no interior como no exterior do país.

O logotipo, ideado polo deseñador gráfico Alberte Permuy, representa unha ringleira de fiestras que se abren cara a novos espazos de creación cultural e artística. A súa dispo-

sición, inseridas unhas dentro doutras, remarca a función da AGADIC como elemento impulsor das diferentes disciplinas, sen facer referencia explícita a ningunha delas.

O pasado 1 de agosto quedou constituído o Consello de Dirección da Axencia baixo a presidencia da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e do que forman parte o director da AGADIC, Miguel Martín, e outros catro vogais: Luís Bará Torres, director xeral de Creación e Difusión Cultural; Cristina Fabeiro Varela, subdirectora de Creación e Difusión Cultural; Eugenio García Lalinde, director xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Economía e Fancenda; e María Elena Veiguela Martínez, directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria.

PUBLICADAS AS NOVAS ENTREGAS DE 'PARAÍSO' E 'AO VIVO MÚSICA'

As revistas *Paraíso* e *Ao Vivo Música*, as dúas publicacións editadas pola AGADIC para a difusión da actividade das súas redes de difusión de espectáculos, contan con cadanseu novo número, correspondentes a setembro de 2008, nos que se presenta a programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo, así como información sobre os seus protagonistas.

No caso de *Paraíso*, a revista que se fai eco da programación escénica, aparecen contidos como unha entre-

vista a Cándido Pazó e reportaxes sobre as compañías Teatro do Noroeste, Teatro do Morcego coa súa última montaxe *O club da calceta*, Berrobambán ou Druída Danza.

En *Ao Vivo Música*, onde se reproduce o calendario de concertos de todos os estilos que promove a Rede Galega de Música ao Vivo, dedícase a portada ao grupo Niño y Pistola e inclúense, entre outros temas, unha información sobre o *hip hop* galego, a sala Clavicémbalo de Lugo ou o desembarco da música galega no Womex 2008.

GALICIA, COMUNIDADE CONVIDADA NA MUESTRA DE TEATRO DE LAS AUTONOMÍAS 2009

Galicia será a protagonista da Muestra de Teatro de las Autonomías, que se desenvolverá no Círculo de Bellas Artes de Madrid do 3 ao 29 de marzo de 2009. Esta será a décimo terceira edición da mostra que cada ano concita na capital do Estado o interese polas propostas artísticas no ámbito escénico que se xeran fóra de Madrid.

A dirección artística da Muestra de Teatro de las Autonomías, que encabeza Manuel Garrido González, realizará a selección de aproximadamente sete espectáculos galegos, que serán os que se escenifiquen na Sala Fernando de Rojas, ubicada na céntrica rúa Alcalá.

O desprazamento dos grupos galegos conta co apoio da AGADIC, en tanto que a mostra recibe cada ano o patrocinio da Concejalía de las Artes da Comunidad de Madrid e a colaboración do Ministerio de Cultura.



UN CURSO A CARGO DE MONTSERRAT PRAT INICIA O NOVO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO CCG

O Centro Coreográfico Galego inicia en setembro o seu programa de formación para o último cuadrimestre de 2008. En total son oito os cursos, dirixidos tanto ao público xeral como aos profesionais da danza e outras artes do movemento, que se impartirán de setembro a decembro de 2008. O programa quere cubrir os distintos ámbitos e facetas da danza e dá cabida á formación en técnica e repertorio de danza contemporánea, á produción de espectáculos, etc.

Estes cursos, dos que se poderán beneficiar máis de 130 persoas, serán impartidos por profesionais tan relevantes no panorama artístico actual coma Gustavo Ramírez, David Zambrano, Claudia Faci ou Monserrat Prat. A oferta complétase coas clases regulares de ioga e pilates que a partir de mediados de setembro se impartirán no Centro Coreográfico Galego, e coas clases abertas da nova produción do CCG *Giseliña* de Cisco Aznar, que se realizarán a partir do mes de decembro.

+ info en

www.centrocoreografico.org

O PROGRAMA ARTISTAS EN RESIDENCIA APOIA SETE PROXECTOS DE CREACIÓN E INVESTIGACIÓN EN 2008

O Centro Coreográfico Galego apoia este ano un total de sete proxectos de creación e investigación no marco do seu programa Artistas en Residencia, que está a desenvolver no Centro Torrente Ballester de Ferrol e na Sala Galán de Santiago. A unidade da Consellaría de Cultura ofrécelles aos creadores convidados os medios materiais (dotación económica e espazo de traballo) e de persoal de apoio necesarios para desenvolver e presentar as súas

propostas, favorecendo igualmente o intercambio e o diálogo con outras disciplinas artísticas.

Neste mes de setembro, o Torrente Ballester acolle os procesos creativos de *Some things happen all at once*, de Rosa Casado; *Subidón, saldos de un bazar familiar*, de Félix Fernández; e *Alicia en Grusia Project*, de Estela Lloves e Tania Arias, mentres que Bárbara Bañuelos realiza a súa estadia na Galán coa proposta *90 dB*.

O programa Artistas en Residencia complétase con outros tres traballos neste espazo compostelán: *Play* de Uxía P. Vaello e Borja Fernández (que tivo lugar no mes de marzo), *La danza del cisne* de Iker Gómez (xullo), e *Casualidades... desencontros* de Antón Coucheiro (decembro).

A CORUÑA ACOLLE A ESTREA DE "TRADICCIÓN", PEZA COPRODUCIDA ENTRE NOVA GALEGA DE DANZA E O CCG

O Teatro Rosalía de Castro da Coruña acolle os días 12 e 13 de setembro a estrea da *Tradicción*, peza coreográfica de Nova Galega de Danza que se insire no programa de coproducións do CCG. A compañía que codirixen Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer reintepreta neste espectáculo os elementos tradicionais da danza galega desde a contemporaneidade.

Félix Fernández



Cun rupturista deseño escenográfico, en *Tradicción* participan 7 bailaríns (Alba Vázquez, Emma Cabañas, Laura García-Vera, Lorena Ballesteros, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer) e 7 músicos (Juan Collazo, Miguel Queixas, Ricardo Rozas, Suso Iglesias, Xavier Díaz, Toño Domínguez e Pedro Lamas) que dan forma a unha proposta artística que trascende a danza e a música.

Nova Galega de Danza recibiu do Centro Coreográfico un espazo de traballo, unha dotación económica, asesoramento artístico e acompañamento no proceso de produción desta montaxe.

AS ACTIVIDADES DO CENTRO COREOGRÁFICO REUNIRON 9.000 PERSOAS NA PASADA TEMPORADA

O Centro Coreográfico Galego pechou a temporada 2007-2008, a segunda desde a súa fundación, durante a que logrou consolidarse coa participación de máis de 9.000 persoas nas diversas actividades artísticas e formativas programadas.

O espectáculo *Kiosco das almas perdidas* realizou unha xira de cinco meses cun total de 29 representacións ás que acudiron 6.500 espectadores, ao tempo que se desenvolveron intensas actividades formativas asociadas á montaxe por 11 munic-

pios galegos (A Coruña, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Santiago, Narón, Tui, Ferrol, Ourense, Carballo e Ribadavia) e outras 8 localidades de fóra de Galicia (Xixón, Cádiz, Reus, Sevilla, Málaga, Viseu, Ponferrada e Barcelona). O show-case do Instituto Cervantes en Xixón ou o prestixioso festival Grec de Barcelona foron algunhas das máis importantes citas nas que se amosou e se acolleu con gran expectación a produción galega.

Ademais, de xeito paralelo á xira, o CCG organizou diferentes actividades formativas –algunhas delas realizadas en colaboración cos concellos e coa APDG (Asociación de Profesionais de Danza de Galicia)–, nas que se conseguiu involucrar 1.400 alumnos e alumnas e completou o seu plan pedagógico con cursos e talleres de distintos formatos (ensaios abertos, clases maxistras e talleres) realizados para destinatarios específicos.

No apartado concreto de formación para profesionais da danza, desde setembro de 2007 o CCG ofreceu un total de 17 cursos e xornadas formativas a cargo de 21 mestres de recoñecida traxectoria internacional aos que acudiron 213 alumnos e alumnas para perfeccionar os seus coñecementos en áreas que foron desde o entreno físico e a linguaxe da danza até a programación de espectáculos e a relación cos públicos.

MATARILE TEATRO INAUGURA A NOVA PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO CON 'ANIMALES ARTIFICIALES'


Animales artificiales, o último espectáculo de Matarile Teatro, abrirá a nova carteleira 2008-2009 do Salón Teatro de Santiago con catro funcións os días 25, 26, 27 e 28 de setembro. A nova proposta da compañía compostelá xira arredor da empatía e o equilibrio entre o que queda de animal no ser humano e os mundos artificiais que habitamos.

Xa en outubro, os días 3, 4 e 5, o espazo que xestiona o CDG acollerá a estrea do espectáculo infantil *Game over*, da compañía Teatro Cachuzo. Carlos Losada é o autor e director desta obra, pola que foi galardoado co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en 2007. Pola súa banda, Lagarta Lagarta ocupará o Salón Teatro do 9 ao 12 de outubro con *Aeroplanos*, unha comedia orixinal do arxentino Carlos Gorostiza baixo a dirección de Rosa Álvarez e protagonizada por Ernesto Chao e Xosé M. Olveira "Pico".

A programación continuará os días 1 e 2 de novembro co espectáculo *Nou I_D*, a cargo da plataforma artística catalá Kónic THTR, que desenvolverá un proxecto de escena interactiva para danza e voz; e os días 22 e 23 coa compañía madrileña Atra Bilis, que porá en escena *El año de Ricardo* con autoría e dirección de Angélica Liddell.

Entrando na recta final de 2008, o espazo compostelá ofrecerá do 18 ao 21 de decembro a última proposta de Teatro do Atlántico –*Unha primavera para Aldara*, baseada na novela de Teresa Moure e con dirección Xúlio Lago–, para pechar o ano unha vez máis coa Mostra de Teatro Infantil no Nadal do 26 ao 30 de decembro.

FOTO: BALTAZAR PATIÑO




e.scena PÁXINA 5 NÚMERO 27 SETEMBRO 2008

novidades

Paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas AGADIC / Nº 4 / setembro 08 Edición non venal

A revista *Paraíso* chega de novo aos espazos da RGTA e da RGS, dedicando a súa portada ao autor, director e narrador Cándido Pazó. Este cuarto número ofrece, ademais, reportaxes sobre as compañías Teatro do Noroeste, Teatro do Morcego, Berrobambán e Druidadanza, e sobre o Teatro Área Panorámica de Tui, xunto con comentarios especializados, o calendario de programación dos devanditos circuítos e as fichas de todos os espectáculos.



Ao vivo música

AGADIC / Nº 2 / setembro 08 Edición non venal

Ao vivo música, revista de promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito nos locais da Rede Galega de Música ao Vivo, entrevista nesta ocasión ao grupo Niño y Pistola, ofrece unha panorámica do hip hop galego e avanza a que será a achega galega ao próximo Womex. Uxía, Ataque Escampe, Bocixa (vocalista de Zénzar), Projecto Mourente e Capitán Furilo son outros dos protagonistas do segundo número desta publicación semestral.

Kiosco das almas perdidas

Centro Coreográfico Galego

Edita: AGADIC
Colección Bitácora, nº 2
ISBN: 978-84-453-4627-3
PVP: 8 euros

A modo de caderno de creación, o segundo volume da colección Bitácora ofrece un percorrido eminentemente visual polos momentos claves na produción do último espectáculo estreado ata o momento polo Centro Coreográfico Galego.

ARTEZ. Suplemento da Feira Galega das Artes Escénicas

Edita: Artez / setembro 08
Edición non venal que acompaña a revista Artez nº 137

ARTEZ, Revista de las artes escénicas ofrece co seu número de setembro un suplemento especial dedicado á vindeira edición da Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebra do 13 ao 17 de outubro en diferentes espazos de Compostela.

05 VENRES	Albiñóns Teatro <i>Ao Circo con Augusto e Bianco</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Búho y Maravillas <i>Los músicos de Brenes</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA	Lambríaca <i>Chicho e a Santa Compañía</i> Ponteareas 21.30 h AUDITORIO MUNICIPAL REVERIANO SOUTULLO		A Factoría Teatro <i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Cía. Galega de Danza Contemporánea – Ballet Jesús Quiroga <i>A luz?</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN CAIXA GALICIA	05 VENRES		
06 SÁBADO	Mago Romarís <i>Por arte de maxia</i> Ribadavia 22.00 h CASA DA CULTURA	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Iria Producciones <i>Sobre flores y cerdos</i> Ortigueira 21.00 h TEATRO DA BENEFICENCIA		A Factoría Teatro <i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		06 SÁBADO		
11 XOVES	Teatro Círculo <i>Las tres hermanas</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE						11 XOVES		
12 VENRES	Teatro del Andamio <i>O monstro do castelo</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Encena Produccións Artísticas <i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO	The Pinga Teatro <i>O rei de mares</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Lalín 21.30 h NOVO SALÓN TEATRO	Nova Galega de Danza <i>Tradicción</i> A Coruña 21.00 h TEATRO ROSALÍA CASTRO (Coprodución co CCG)		Teatro Círculo <i>Las tres hermanas</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	12 VENRES	
13 SÁBADO	Encena Produccións Artísticas <i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO	Talytakumy <i>A árbore da vida</i> Santiago 18.00 h SALA SANTART	Teatro Círculo <i>Las tres hermanas</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Nova Galega de Danza <i>Tradicción</i> TEATRO ROSALÍA CASTRO A Coruña 21.00 h (Coprodución co CCG)				13 SÁBADO	
14 DOMINGO	Talytakumy <i>Os contracontos de Talyta e Kumy</i> Santiago 12.00 h SALA SANTART		Tanxarina Títeres <i>Os narigudos</i> Santiago 12.30 h TEATRO ESCENA	Teatro Círculo <i>Las tres hermanas</i> Vigo 20.30 h TEATRO ARTE LIVRE				14 DOMINGO	
15 LUNS	Marco González Tango Argentino <i>Al sur del Sur</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA		Tanxarina Títeres <i>Os narigudos</i> Santiago 11.00 h TEATRO ESCENA					15 LUNS	
19 MARTES	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	Teatro del Andamio <i>O monstro do castelo</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Nunca +1 <i>Novecento</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE	Teatro del Duende <i>Dile a mi hija que me fui de viaje</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL			19 MARTES	
20 MÉRCORES	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL			Iria Producciones <i>Sobre flores y cerdos</i> Sanxenxo 21.30 PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Teatro del Duende <i>Dile a mi hija que me fui de viaje</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE	Nunca +1 <i>Novecento</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	20 MÉRCORES
21 XOVES	Grupo de Teatro Lope de Vigo <i>Ide todos ao inferno</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA		Nunca +1 <i>Novecento</i> Vigo 20.30 h TEATRO ARTE LIVRE		Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Santiago 12.30 h TEATRO ESCENA		Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE		21 XOVES
22 VENRES	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Santiago 11.00 h TEATRO ESCENA		A Internacional						22 VENRES
23 SÁBADO	A Internacional <i>Frida Kahlo</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL								23 SÁBADO

24 DOMINGO	A Internacional <i>Frida Kahlo</i> Santiago 12.00 h TEATRO PRINCIPAL	A Internacional <i>Frida Kahlo</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	 Arela das Artes	 Teatro del Duende	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN CAIXA GALICIA	Compañía Femme Fatale <i>Varadas</i> A Coruña 21.00 h FORUM METROPOLITANO	24 DOMINGO	
25 LUNS	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	A Internacional <i>Frida Kahlo</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL				Matarile Teatro <i>Animales artificiales</i> 20.30 h	25 LUNS	
26 MARTES	Galitoun <i>Golulá</i> O Barco 20.00 h TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Arela das Artes <i>Ifixenia en Áulide</i> Ponteareas 21.30 h AUDITORIO MUNICIPAL REVERIANO SOUTULLO	Talía Teatro <i>Quero ser grande</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÃNS	Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE	A Internacional <i>Perón, Perón</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Matarile Teatro <i>Animales artificiales</i> 20.30 h	26 MARTES
27 MÉRCORES	A Factoría Teatro <i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i> Vilalba 20.30 h AUD. C. ESTÉVEZ EGUIAGARAY	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Artello Teatro Alla Scala 1:5 <i>Polgariño</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Teatro del Duende <i>Dile a mi hija que me fui de viaje</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE	A Internacional <i>Perón, Perón</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Arela das Artes <i>Arela Miúda en: o recuncho de Anabel</i> Santiago 18.00 h SALA SANTART	27 MÉRCORES
28 XOVES	A Factoría Teatro <i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Lagarta Lagarta <i>Aeroplanos</i> Ourense 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	 Lagarta. Lagarta	A Internacional <i>Perón, Perón</i> Vigo 21.30 h TEATRO ARTE LIVRE	Play&rewind <i>Play</i> Vigo TEATRO ENSALLE	Talía Teatro <i>Menos lobos</i> Santiago 12.30 h TEATRO ESCENA	Arela das Artes <i>Arela Miúda en: o recuncho de Anabel</i> Santiago 12.00 h SALA SANTART	28 XOVES
29 VENRES	Talía Teatro <i>Menos lobos</i> Santiago 11.00 h TEATRO ESCENA	 Matarile Teatro (FOTO: BALTASAR PATIÑO)				29 VENRES		

1. CONVOCATORIAS AGADIC

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Subvencións ao sector escénico e musical 2008 (DOG nº 9, de 14 de xaneiro de 2008)	B. Programa Crédito-Cultura C. Distribución: C.1. Distribución exterior dos espectáculos de artes escénicas e musicais C.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical G. Formación especializada	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución no ámbito das artes escénicas e musicais, con domicilio ou sede social en Galicia. Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio ou sede social en Galicia. Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música, con domicilio ou sede social en Galicia. Persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galicia e estean vinculadas á actividade de produción e distribución profesional de artes escénicas e musicais.	31 de outubro* 31 de outubro** En todo caso, antes do 15 de outubro
Feira Galega das Artes Escénicas 2008. Acreditación de profesionais	Amplíase o prazo para a inscrición de profesionais na Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrará do 13 ao 17 de outubro en Compostela. Máis información no apartado de inscricións da web www.feiradasartesescenicas.com	Programadores, distribuidores, axentes-productores, representantes de compañías.	12 de setembro
Inscrición na Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo	A inscrición de espectáculos para o 1º semestre de 2009 da RGTA e RGS, así como de grupos e solistas para a programación 2009 da Rede Galega de Música ao Vivo realízase a través da web www.galescena.info .	Compañías escénicas e formacións musicais de carácter profesional.	30 de setembro
CCG. Taller de danza contemporánea	O coreógrafo e bailarín Gustavo Ramírez imparte este obradoiro –do 15 ao 19 e do 22 ao 26 de setembro na sede do Centro Coreográfico– con tres partes diferenciadas que abranguen o traballo técnico de base, a práctica de repertorio e a creación ou composición.	Profesionais de danza e estudantes de nivel medio-alto. Máis información: Centro Coreográfico Galego Tel. 981 134 946 www.centrocoreografico.org	8 de setembro
CCG. Taller ‘De-construcións coreográficas’	Taller relacionado co proxecto 90dB de Bárbara Bañuelos, artista residente do Centro Coreográfico Galego que realiza a súa estadía na Sala Galán de Compostela. O curso celébrase neste espazo do 15 ao 19 de setembro.	Profesionais de danza e estudantes de nivel medio-alto. Máis información: Centro Coreográfico Galego Tel. 981 134 946 www.centrocoreografico.org	12 de setembro

* Un mes dende a formalización dos créditos ou préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta resolución, o prazo rematou o 15 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2007 e o 14 de xaneiro de 2008, o prazo finalizou o 15 de febreiro.

[...] CONVOCATORIAS AGADIC

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
CCG. 'Flying low', taller de danza contemporánea	A cargo do creador e pedagogo David Zambrano, este taller céntrase na relación do bailarín co chan. Terá lugar na sede do Centro Coreográfico Galego do 6 ao 10 e do 13 ao 17 de outubro.	Bailaríns profesionais e estudantes de nivel medio-alto Máis información: Centro Coreográfico Galego Tel. 981 134 946 www.centrocoreografico.org 29 de setembro	29 de setembro
Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas 2008	A AGADIC e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) organizan a segunda edición deste programa formativo: - Corpo creativo: do laboratorio á escena, con Andreu Raich e Elisenda Renom (SGAE, Santiago: os mércores do 17 de setembro ao 3 de decembro). - Expresión oral, con Nuria Montero Gullón e Cristina Domínguez (SGAE, Santiago: os luns do 22 de setembro ao 15 de decembro). - Taller de interpretación, da análise á acción, con Iaroslav Bielski (SGAE, Santiago: do 24 ao 28 de novembro).	Profesionais das artes escénicas de Galicia. 20 prazos para cada curso. Máis información: ESAD de Galicia Tel. 986 246 399 Correo-e: esad.galicia@edu.xunta.es	Até 15 días antes do inicio de cada curso
Curso "Producción, xestión e distribución de espectáculos"	A AGADIC colabora coa SGAE na organización deste curso de 96 horas lectivas, que Robert Muro impartirá en Compostela entre os meses de setembro e decembro. O obxectivo é dotar aos participantes de instrumentos prácticos e teóricos para o desenvolvemento de proxectos escénicos.	Xestores culturais, alumnos das escolas de formación escénica, integrantes de compañías de danza e teatro, directores, intérpretes. Prazos limitadas. Máis información: ARTeria Noroeste. Tel. 981 569 183 gnieves@sgae.es	15 de setembro

AGADIC

CDG

Produccións con distribución pechada (*)				
Noite de Reis. Ou o que queirades				

Produccións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ourense	Valdemuller	5	124,00	424,96 €
Narón	Valdemuller	4	90,50	365,00 €
Tui	Valdemuller	3	247,67	390,17 €
Pontevedra	Valdemuller	2	127,00	293,75 €
Carballo	Valdemuller	2	280,00	[FUNC. GRATUITAS]
Santiago	Valdemuller	19	110,63	328,26 €
O Barco	Valdemuller	2	269,00	[FUNC. GRATUITAS]
Valencia	Valdemuller	5	184,00	[FUNC. GRATUITAS]
Porto	Valdemuller	1	86,00	[FUNC. GRATUITAS]
Vilagarcía	Valdemuller	2	266,00	481,93 €
Ribadeo	Valdemuller	1	217,00	[FUNC. GRATUITAS]
Vigo	Valdemuller	2	87,00	613,00 €
Muros	Valdemuller	4	89,00	[FUNC. GRATUITAS]
Ferrol	Valdemuller	4	73,50	35,25 €
Santiago	Estigma	13	80,62	214,23 €
Tui	Estigma	2	189,50	500,00 €
Narón	Estigma	2	63,00	304,40 €

CCG

Produccións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña	Kiosco das almas perdidas	3	304,33	1.028,20 €
Vigo	Kiosco das...	2	427,50	3.152,50 €
Pontevedra	Kiosco das...	2	263,50	747,00 €
Vilagarcía	Kiosco das...	1	114,00	192,00 €
Xixón	Kiosco das...	2	134,50	685,36 €
Santiago	Kiosco das...	2	342,00	1.162,00 €
Narón	Kiosco das...	1	171,00	945,60 €
Cádiz	Kiosco das...	1	335,00	1.184,40 €
Reus	Kiosco das...	2	306,50	1.480,50 €
Sevilla	Kiosco das...	2	72,50	442,50 €
Tui	Kiosco das...	1	223,00	990,00 €
Málaga	Kiosco das...	1	(**)	(**)
Ferrol	Kiosco das...	2	80,00	712,50 €
Viseu (PORTUGAL)	Kiosco das...	2	79,50	(**)
Ponferrada	Kiosco das...	1	(**)	(**)

SALÓN TEATRO

COMPANHIA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit / Cia. Mudances	Larandland	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	El agresor	2	48,5	195,00 €
Cia. Daniel Abreu + CCG	Negro	2	88,5	477 €
Sinsal	Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo	1	91	518,00 €
Sinsal	Michael Gira + (r)	1	87	554,00 €
Voadora	PeriFeria	2	149,5	137,50 €
Sinsal	Baby Dee + O Fillo Pausado	1	145	1.152,00 €
Uróc Teatro	Ados@dos	2	69	441,50 €
CDG	Valdemuller	19	110,63	328,26 €
CDG	Estigma	13	80,62	214,23 €
Sond'Ar-te Electric Ensemble	Homenaxe a Henrique X. Macías	1	55,00	[GRATUITA]

(*) Desglose
en anteriores
números de e_scena

(**) Non dispoñibles
os datos totais

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	46	4.408	35,23%	14.723,00 €
Noite de Reis (CDG)	7	2.670	68,95%	15.913,20 €
Valdemuller (CDG)	56	7.758	35,33%	13.910,65 €
Estigma (CDG)	17	1.553	28,70%	4.393,80 €
Kiosco das... (CCG)	25	5.168	31,09%	23.161,31 €

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPANHIA	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	6	184	1021,07 €
Abada Teatro - Carlos Blanco	8	329,75	1677,88 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	8	112,5	185,28 €
Artesán Teatro	3	81,33	195,83 €
Bacana	14	97,57	396,61 €
Bengala Produccións	4	230,5	353,5 €
Berrobambán Teatro	8	166,38	456,35 €
Caramuxo Teatro S.C.	7	122,14	244,5 €
Chrystyan Magic	6	195,33	366,8 €
Cia Daniel Abreu	1	47	80 €
Colectivo Danzón	1	89	185 €
Cuarta Pared	6	130	732,07 €
Cuarteto Ephimere	1	87	246 €
Cyrille Sinclair	3	186,67	321,83 €
Dani García	2	94	148,75 €
Decamerón e Cia.	1	30	75 €
Disque Danza	8	134	342,15 €
Dúo Dürichen - Permuy	1	110	180 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198 €
Entremans	4	67,75	282,5 €
Espello Cóncavo	5	149,2	298,2 €
Fulano, Mengano e Citano	12	84,58	219,77 €
Galitoon	11	234,73	511,64 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	86	56 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	90	203,17 €
Ilusionista Pedro Volta	2	69,5	216,75 €
Javier Muro	6	126,17	244,53 €
La Imagina Machina	9	101	293,35 €
Lagarta Lagarta	3	102,33	199 €
Luis Boyano	2	97,5	234 €
Mago Benxamín	3	177,67	329,67 €
Mago Calí	3	128,67	384,67 €
Mago Norberto	2	222	313,38 €
Mago Pablo	2	237,5	325,65 €
Mago Xacobe Sanz	3	243,67	438,2 €
Malasombra	7	109,71	336,93 €
Marco González Tango Argentino	2	191	222,5 €
Migallas Teatro	7	95	190,14 €
Mofa e Befa	4	135,5	502 €

COMPANHÍAS

Musik-Walk	3	65,67	226 €
Nunca +1	4	71	179,5 €
Nut Teatro	4	79,75	176,63 €
O Mago Teto	4	116,25	296,75 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246 €
Os Monicreques de Kukus	14	124,57	218,39 €
Os Quinquilláns	5	189	379,8 €
Pisando Ovos	4	47,75	111,75 €
Pistacatro Productora de Sonos	10	176,6	782,2 €
Produccións Acontrabutaca	8	191,63	522,56 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	113,67	238,33 €
Román García	2	60	195 €
Sapristi	5	141,4	233,95 €
Sarabela Teatro	8	193	1204,69 €
Talía Teatro	30	164,73	414,27 €
Tanxarina Títeres	8	131,25	226,31 €
Teatro de Adro	9	94,56	381,39 €
Teatro de Ningures	18	107,72	381,53 €
Teatro del Andamio	6	113,33	273,42 €
Teatro do Atlántico	7	164,86	520,07 €
Teatro do Morcego	18	149,83	664,39 €
Teatro do Noroeste	10	75,7	313,8 €
Teatro Ensalle	5	50,6	169,6 €
Teatro Galileo	14	117,79	486,04 €
Teresa Nieto en Compañía	1	76	340 €
Títeres Cachirulo	8	162,75	238,14 €
Títeres Trompicallo	10	164,1	324,65 €
Trakatap	1	71	87 €
Vocalise	1	157	345 €
Volta e Dálle Teatro	6	101,33	374,96 €

CONCELLOS/ENTIDADES

COMPANHIA	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña (IMCE)	28	198,46	804,25 €
A Coruña (Teatro Colón Caixa Galicia)	3	213,33	746 €
A Estrada	13	95,23	284,77 €
Ames	15	94,47	195,57 €
Arteixo	9	156,67	352,15 €
As Pontes de García Rodríguez	4	108,25	149,38 €
Betanzos	6	113,83	332,58 €
Boiro	8	155,5	243,56 €
Burela	8	239,5	743,56 €
Cambados	5	142,4	174,6 €
Cangas de Morrazo	11	160,09	526,91 €
Carballo	18	103,78	233,98 €
Cedeira	10	127,4	170,95 €
Cee	8	87,75	205,88 €
Culleredo	10	46,4	99,75 €
Ferrol	16	76,5	263,91 €
Foz	10	94,6	210,75 €
Lalín	4	63,5	168,75 €
Lugo	5	195,4	480,8 €
Mondoñedo	8	60,63	194 €
Monforte de Lemos	4	76,25	134,5 €
Muros	9	106	194 €
Narón	11	214,73	1224,89 €
Noia	3	91	204 €
O Barco de Valdeorras	9	114	458,89 €
O Carballiño	4	65,75	173,13 €
Oleiros	5	157,4	516,3 €
Ortigueira	6	44,5	119,25 €
Ourense (Teatro Principal)	12	135,08	835,83 €
Ourense (Auditorio Municipal)	10	169,2	261,5 €
Ponteareas	5	184,4	447,3 €
Pontevedra	11	346,27	924,59 €

Escena en

Registro de datos XANEIRO-MAIO 2008

CONCELLOS/ENTIDADES

[...] REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Redondela	9	225,44	481,33 €
Ribadavia	4	72	180,5 €
Ribadeo	8	126,75	288 €
Sada	11	116,45	170,27 €
San Sadurniño	8	55,25	113,94 €
Santiago de Compostela	29	129,28	379,28 €
Sanxenxo	5	110,6	432,9 €
Tui	8	242,63	640,44 €
Vigo (Auditorio Municipal)	20	137,5	386,3 €
Vigo (C.C. Caixanova)	5	196,4	1423 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121 €
Vilalba	8	61,13	133,13 €
Viveiro	8	144,88	351,75 €

TOTAIS RGTA (até maio)	2006	2007	2008
Funcións	266	340	413
Público	42.659	40.228	56.314
Ocupación	39,94%	30,10%	37,91%
Facturado	129.067,70 €	119.523,81 €	168.180,24 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Tuna Rastafari	3	160,33	511,33 €
Aguardiente Swing Quartet	7	49,43	196,71 €
Alberto Pérez	7	58,43	233,21 €
Alegales	5	56,8	111,8 €
Álvaro Muras	6	29,33	52,67 €
Álvaro Vieito Trío	10	34,9	84,9 €
Ataque Escampe	4	33,25	75 €
Avelaíña	4	28,5	68,25 €
Balakandra	3	28,33	59,67 €
Bruno T. Ford	6	29,17	79,5 €
Bukowski Blues Trío?	9	41,11	113,22 €
Capitán Furilo	6	38,5	75,5 €
Carlos Childe Troupe	5	40	137,8 €
Carlos López Quartet	4	19,75	91,75 €
Carmen Dor	3	38	102,33 €
Coanhadeira	4	29	55,5 €
Colectivooruga	4	26,75	63,5 €
Cool Beat	3	16,67	82 €
Cornelius	11	73,18	215,09 €
Détour	5	29,8	84,8 €
Día de Furia	3	83,33	235 €
Dismal	4	75	298,75 €
Dorian Gray	7	25	58 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	65,25	249,25 €
El Cubo	6	59,83	180 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	4	36,5	123,5 €
Fernando Esclusa	8	30,88	67,63 €
Grasa	6	33,33	67,83 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	6	38,33	101 €

GRUPOS

Heissel	6	67,5	200,83 €
Holywater	7	79,43	280,43 €
Hot3 Sss	3	29	88 €
Igloo	8	65,38	202,38 €
Ivan & Josito	4	55,5	208,5 €
Jabón Blue	4	63,5	150,75 €
Jaso&boo Jazz Performance	5	19,2	40,8 €
Jato Neiro Jazz Trío	3	18,33	52 €
Jugoplastika	7	45,14	139,14 €
Kin García Trío	3	39,67	159 €
Kogito	4	84,25	173,5 €
Le Punk	6	69	236,83 €
Little Albert Boogie Band	6	29	72,33 €
Los Casanovas	3	31	83 €
Los High Sierras	7	45,14	134,14 €
Machina	1	30	90 €
Mama Boogie	2	31,5	94,5 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	3	85	283 €
Mitocondrias	4	34,75	93 €
Moondogs Blues Party	6	41,83	108,5 €
Mr. Dixie Jazz Band	7	38	187,71 €
Niño y Pistola	5	47,6	136 €
O Leo I Arremecághona!	3	55,33	127 €
O Sonoro Maxín	3	69,67	199 €
Pacífico	7	65	191,57 €
Pepa e Davide & Madame Cell	4	48,25	124,25 €
Por Placer	7	44	100,43 €
Renato Spencer & Café Caxaça	1	16	48 €
Rockers Go To Hell	3	67	205 €
Samuel Leví	2	14	33 €
Sax Machine	7	27,71	60,29 €
Stereotipos	5	38,6	116 €
Sumrá	3	46,33	190,67 €
Sweet Oblivion Band	6	57	123,33 €
Swingpool	4	40	81 €
Tangata	4	34,25	100,5 €
Tango Bar	6	47	124,83 €
The Blows	11	117,91	415,18 €
The Turre's Band	3	55	123 €
Ton Martínez - Risco / Jacobo de Miguel Dúo	4	32,5	125 €
Tonhito de Poi e Rasaloba	2	61,5	173,75 €
Transilvanians	4	115,5	400 €
U-lo Trío?	5	33,2	108 €
Vetusta Morla	6	151,67	526,17 €
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67 €
We Are Balboa	5	40,6	128,2 €
Zénzar	4	54,75	150,75 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fragua (Redondela)	10	28,9	55,9 €
Ache (Marín)	6	74	331,92 €
Aturuxo (Bueu)	15	84,53	295,8 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	8	47,5	96 €
Babel (Lugo)	6	63,5	237 €
Badulake (Ordes)	7	35,43	92,57 €
Bar Liceum (O Porriño)	7	66,57	224,57 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	13	52,46	157,38 €
Borriquita de Belém (Santiago)	6	46	106,33 €

SALAS

Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	7	47,29	137,71 €
Catro Camiños (A Rúa)	4	47,5	95 €
Clandestino (Nigrán)	6	34,17	120,17 €
Clavicémbalo (Lugo)	19	32,42	83 €
Contrabajo (Vigo)	11	27	93,64 €
Disco-Sala Ogmios (Cariño)	1	44	132 €
El Ensanche (Vigo)	10	36,5	113,1 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	76	198 €
Forum Celticum (Culleredo)	6	78	180 €
Garufa (A Coruña)	6	44,33	118 €
Jazz Filloa (A Coruña)	6	35,67	178,33 €
Jazz Vides (A Coruña)	13	44,92	186,46 €
La Casa de Arriba (Vigo)	12	35,42	101,67 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	19	84,84	259,05 €
La Galeríajazz (Vigo)	7	18,29	91,43 €
La Iguana Club (Vigo)	6	92,67	330 €
Manteca Jazz (Vigo)	4	60,25	292,5 €
Marrucho (Baiona)	6	48,67	123,83 €
Micos (Cariño)	9	26	52 €
Náutico (O Grove)	1	58	156 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	6	44,67	112 €
Planeta (Sarria)	8	62,13	267,88 €
Pub O Muíño (Cervo)	7	36,71	83 €
Pub D'Antón Rock Café (A Laracha)	11	58	170,59 €
Pub Gatos (Melide)	14	31,07	87,86 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	9	28,11	37,89 €
Sala Run Run (Ferrol)	11	58,64	195,55 €
Sala 600 (Melide)	7	134,71	219,86 €
Sala Clan (Xinzo de Limia)	9	70,22	209 €
Sala Karma (Pontevedra)	8	57	249,13 €
Sala Mogay (Chantada)	10	57,7	173,1 €
Salason (Cangas do Morrazo)	6	62,83	209 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	6	59,67	87 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	6	48,33	110 €
Verbum Jazz (Vigo)	9	32,78	83,44 €
Woodstock (Sanxenxo)	9	32,78	98,33 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	9	38,22	115,44 €

TOTAIS RGMV (até maio)	2007	2008
Concertos	461	379
Público	22.308	19.348
Ocupación	25,53%	37,52%
Facturado	56.106,00 €	58.441,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONÉS	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Sala Nasa (Santiago)	19	38,74	226,37
Teatro Arte Livre (Vigo)	15	9,67	65,67
Teatro del Andamio (A Coruña)	30	33,27	122,13
Teatro Ensalle (Vigo)	18	18,56	126

TOTAIS RGS (até maio)	2007	2008
Funcións	70	64
Público	2.539	1.995
Ocupación	35,97%	48,95%
Facturado	13.504,00 €	9.786,60 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

AGADIC Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.agadic.info